



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE MAIO DE 2018

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/15/2015.- MARTIN OTERO CARBALLIDO.- Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de As Pereiras de San Caetano.

PARCELACIÓNS.-

LIC/1590/2017.- MARIA DEL CARMEN REY NOYA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a segregación das parcelas sitas en Lg. de Fontoadé.

LIC/1756/2014.- RUBEN CASTRO ADRÁN.- Denegar a solicitude de modificación da licenza de parcelación concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de agosto de 2015 da parcela da concentración parcelaria da zona de Sabugueira – Carballal.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de As Pereiras de San Caetano. LIC/15/2015. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a segregación das parcelas sitas en Lg. de Fontoadé. LIC/1590/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da solicitude de modificación da licenza de parcelación concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de agosto de 2015 da parcela da concentración parcelaria da zona de Sabugueira - Carballal. LIC/1756/2014. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial do Estudo de Detalle das parcelas ER-1, ER-2, ER-3, ER-4, ER-5, ER-6, ER-7 e ER-8 no ámbito do SUNP-14. TRAS PAXONAL. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á transmisión da licenza de taxi número 50, da titularidade de don FERNANDO BLANCO SOUTO, a favor de don DAVID RÚA LAFUENTE. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do expediente do "Servizo de redacción de proxecto básico e executivo e de redacción de proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da Reurbanización da Rúa de Clara Campoamor. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 121.000 euros, IVE incluído.

8.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a USC, relativo á tramitación e concesión do premio de ensaio e creación audiovisual XOHANA TORRES. Dáse conta da sinatura do convenio.

9.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a asociación cultural CORRELINGUA para as actividades do "Correlingua" en Santiago de Compostela. Apróbase a concesión dunha subvención nominativa por importe de 2.500 euros.

URXENCIAS

1.- Informe sobre a resolución do contrato coa empresa Vipeca Obras y Servicio SL para a execución das "Obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela EQ1 do Parque empresarial da Sionlla". Acórdase desestimar as alegacións presentadas pola empresa e proceder á resolución do contrato ante o incumprimento culpable da empresa das obrigas esenciais do contrato.

2.- Proposta para autorizar a asistencia de representantes dos grupos políticos municipais ás sesións das mesas de contratación. Acórdase permitir a asistencia como observadores/as dun representante de cada grupo municipal ás mesas de contratación, por razóns de transparencia da actividade municipal e para facilitarlles o acceso inmediato e en condicións de igualdade á información sobre os procesos de contratación.